UNIDADE 1. A ARTE DA ANTIGÜEDADE CLÁSICA. GRECIA, ROMA E O PRIMEIRO CRISTIANISMO.

I. GRECIA, CREADORA DA LINGUAXE CLÁSICA.

II.1.- ÁMBITO XEOGRÁFICO E CULTURAL DA ARTE GREGA:

- **Grecia continental**, que máis ou menos coincide cos límites da Grecia actual.
- A **Costa da actual Turquía** (Xonia): as polis máis poboadas, sobre todo no Helenismo, atopábanse nesta zona: Mileto, Efeso, Pérgamo, Samos etc.
- Multitude de **illas do Mar Exeo**, incluíndo as Cícladas e Creta.
- **As colonias** fundadas polos gregos no Mediterráneo: Sicilia, Sur de Italia (a chamada *Magna Grecia*), Mar Negro etc...

Este ámbito grego terá uns elementos que o unen como cultura:

- No **político**: organización en polis independentes. A diferencia dos imperios orientais como o persa, os gregos organízanse en cidades-estado independentes. Consecuencia deste sistema político, a arte terá un marcado carácter cidadán: os templos, os edificios públicos, as estatuas dos deuses, constrúense para a polis, para servir ás necesidades dos seus cidadáns, para reflectir o poder e prestixio da propia polis.
- A **mitoloxía**, **idioma** e **celebracións:** servían de punto de unión ás distintas polis gregas. Os deuses e heroes da mitoloxía grega serán repertorio común de escultores e pintores, cada polis tiña o seu deus patrono ao que se adicaban templos e estatuas, e ademáis, existían uns cultos panhelénicos como as Olimpiadas nos que participaban todas as polis gregas.
- O **pensamento**: resulta evidente a influencia da **visión antropocéntrica** do mundo na arte. A máxima de Protágoras *"O home é a medida de todas as cousas*" reflíctese nunha arte concebida a escala humana, rompendo co colosalismo oriental e exipcio. Na escultura búscase representar o corpo humano, sobre todo o corpo masculino, considerado modelo ideal de beleza. Trátase dunha beleza idealizada que implica polo tanto perfección, atemporalidade e que só se pode alcanzar mediante un sistema de medidas e proporcións fixas e relacións harmónicas entre as partes. Nace así o canon de proporcións en escultura, e na arquitectura introdúcense e codificanse as ordes arquitectónicas que implican proporción, relación entre as distintas partes para lograr harmonía.



Atenea Lemnia. **Fidias.**

En canto á periodización da arte grega clásica, considéranse fundamentalmente tres períodos: arcaico, clásico e helenístico, precedidos neste mesmo ámbito xeográfico entre o terceiro e o primeiro milenio a.C. do chamado arte prehelénico, con respecto ao

cal a arte clásica non será unha continuación, senón que haberá unha ruptura durante a chamada época Escura.

PERÍODO	MARCO HISTÓRICO	ARTE
ÉPOCA PREHELÉNICA 3000-1100 a.C.	Civilizacións cretense ou minoica e micénica. Desenvolvemento da agricultura e o comercio marítimo (*thalasocracia*). Aparición da escritura lineal B.	Restos dos grandes palacios como o de Cnossos. Pintura mural, cerámica e escultura. Escultura das Cícladas
ÉPOCA ESCURA ss. XI-VIII a.C.	Chegada de novos pobos indoeuropeos á Hélade. Destrucción dos grandes palacios. Desaparecen as testemuñas escritas.	Decadencia artística e cultural. Cerámica xeométrica.
ÉPOCA ARCAICA ss. (VII-VI a.C.)	Desenvolvemento do sistema das polis. Colonizacións no Mediterráneo. Desenvolvemento dun pensamento e uns valores propios que se contrapoñen ao mundo oriental. Nace a filosofía, a física, primeiras testemuñas escritas en grego antigo.	Codificanse unha nova linguaxe artística, establécese o modelo de planta do templo grego a partir do *megaron* e as ordes arquitectónicas. En escultura procurase un maior naturalismo tomando o corpo humano como modelo de beleza e harmonía (*kouroi* e *korai)*.
ÉPOCA CLÁSICA (ss. V- 350 a.C.)	Máximo esplendor das polis que se contrapoñen á civilización persa (guerras Médicas) Triunfo da democracia en Atenas, que rivaliza en poder con Esparta (Guerra do Peloponeso). Expansión do modelo grego polo Mediterráneo gracias ás colonizacións.	Período Protoclásico (500-450 a.C.) Período Clásico Pleno (450 -400 a.C.) Construcción da Acrópole ateniense. Período Clásico Tardío (400 -323 a.C.) Modelo idealizado de Beleza, reflectido na harmonía, a simetría, atemporalidade da expresión.
ÉPOCA HELENÍSTICA (325-30 a.C.)	Desaparición do sistema clásico de polis coa división en Reinos Helenísticos despois da morte de Alexandre Magno e a expansión do Imperio Romano.	Fusión das formas gregas e orientais. Aparición de distintos talleres artísticos e correntes.

II.2.- OS PRECEDENTES: ARTE PREHELÉNICO:

A arte grega xurde dun longo proceso de formación no que existen tamén influencias de culturas anteriores, fundamentalmente da arte exipcia e da arte prehelénica (cretense e micénica).

- A arte cretense ou minoica: é reflexo dunha civilización sorprendente, rica, de cultura refinada, e cunha actividade ecónomica fundamentada no comercio marítimo. Destacan os grandes **palacios minoicos de *Cnosos, Festos, Hagia Triada, Mallia***, cunha complexa planta laberíntica e onde se utiliza como soporte a columna protodórica. Os palacios estaban decorados con pinturas ao fresco, que reflicten unha temática de escenas da natureza e da vida cotiá: festas relixiosas, animais mariños, plantas e flores . A influencia exipcia é grande (visión rectilínea, cores vivas e planas...), pero presentan

un sentido do movemento máis acusado. Algunhas destas **pinturas minoicas** *representacións de golfiños*, o *ritual do salto do touro*, a chamada *"parisiense"* as tres de Cnosos son bos exemplos de pintura minoica. Da escultura as obras máis coñecidas son as ***deusas das serpes*** e os *ritons en forma de cabeza de touro* (especie de vasos para libacións), de carácter claramente relixioso.

- A arte micénica: A principios do II milenio a. C. pobos procedentes do continente europeo invaden o Peloponeso. Os seus reis vivían en cidades fortificadas(***Porta dos Leóns***, Micenas), independentes entre si: Micenas, Tirinto, Argos entre outras. É este o contexto que aparece reflectido nas obras de Homero (Iliada, Odisea). Os micénicos tomaron dos minoicos a estrutura do **megarón**, antecedente do templo grego, como esquema para a construción dos seus edificios. Trátase dunha gran habitación rectangular, cuberta a dúas augas, con dúas columnas protodóricas "in antis" na fachada, que facía ao mesmo tempo as funcións de salón do trono e santuario. Outros monumentos destacados son as xigantescas tumbas chamadas **tesouros** que servían para enterrar aos seus gobernantes. Constan dun ***tholos*** (tomba circular) cuberto con falsa bóveda e un corredor, ambos construídos con grandes sillares. Os máis importantes están en Micenas: o ***Tesouro de Atreo*** . Neles atoparonse importantes testemuñas da ourivaría micénica, como a chamada ***Máscara de Agamenón***.

Porta dos Leóns. **Micenas**

II.3.- ARQUITECTURA NA GRECIA CLÁSICA.

a) CARACTERÍSTICAS XERAIS

O Partenón. **Acrópole de Atenas.**

PROPORCIÓNS: Búscase sempre a harmonía, a proporción matemática entre as partes, a partir dun módulo axustado á escala humana, que se toma no toro inferior das columnas.

SIMETRÍA: Igual importancia dos catro lados do edificio. Búscase que o templo teña dúas fachadas iguais. O vértice do frontón marca un eixo axial que divide o templo en duas partes simétricas.

CORRECCIÓNS ÓPTICAS: Para lograr que as fachadas semellen perfectas nas súas proporcións e simetría, aplícanse correccións ópticas que corrixen os defectos visuais. Algunhas destas correccións serían: a inclinación das columnas cara diante, unha lixeira curvatura cara a parte central do entablamento e a estilobata que se elevan de xeito que o efecto visual é que son rectos, a distancia entre os intercolumnios varía e faise menor a medida que nos achegamos aos extremos, unha suave éntase ou engrosamento do fuste na sua parte central.

TIPOLOXÍAS: O edificio máis importante era o templo construído dentro dun recinto sacro denominado *temenos* que albergaba edificios como os tesouros (pequenos fornelos destinados a depósitos de ofrendas das polis), os propíleos (especie de entradas monumentais), os tholos (templos circulares destinados ao culto dos heroes ou aos oráculos), ximnasios, estadios, etc. Fora do *temenos* outros edificios de uso civil como teatros, palestras,...

ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS: O material máis utilizado é a mármore que se policroma en vivas cores. Este material emprégase en sillares regulares (aparello isódomo).En canto aos soportes, a columna será o soporte clásico por excelencia. Constrúese superpoñendo tambores de pedra que son axustados con grapas metálicas. É unha arquitectura arquitrabada (teito plano). Non se usa o arco nin a bóveda.

ESPAZO: Os edificios teñen un carácter escultórico en canto á sua concepción espacial, é dicir, concédese maior importancia ao espazo exterior que ao interior, proxéctanse os edificios en función do conxunto arquitectónico no que se constrúen, resaltando os puntos óptimos de visión da obra.

b) <u>O TEMPLO GREGO: A PLANTA E O ALZADO</u>:

A **planta** típica dun templo grego era rectangular, dividida en tres partes que son as seguintes:

1. **Pronaos**: pórtico aberto que comunica o exterior coa naos. É frecuente colocar duas columnas na sua parte dianteira que se chaman antas; recibe entón o nome de "in antis". Segundo o número de columnas que o templo teña na súa fronte, podemos clasificalo en distintos tipos.
2. **Naos ou cella**: é o lugar máis sacro do templo, onde se colocaba a imaxe do deus ou deusa. Estaba percorrida ao longo por duas filas de columnas.
3. **Opistodomo**: pórtico posterior, simétrico á pronaos, aberto ao exterior pero pechado á naos. Adoitaba servir como almacén de ofrendas. Os gregos buscaban nas súas obras a simetría porque nela atopaban a perfección, por iso engaden aos templos este segundo pórtico que proporciona equilibrio ao edificio.



O **alzado** dun típico templo grego está formado polos seguintes elementos:



1. **Basamento**: formado por tres chanzos: a estereobata e a estilobata.

2. **Columna**: é o elemento fundamental, o diámetro inferior do fuste utilízase como módulo para calcular as medidas do templo. A columna consta das seguintes partes: a basa, o fuste e o capitel,.

3. **Entablamento**: fórmano os elementos arquitectónicos situados por encima do capitel. Está formado polo arquitrabe, o friso e a cornixa. Nos lados curtos aparece un espazo triangular, o frontón, situado entre as dúas vertentes da cuberta a dúas augas e a cornixa.

c.- OS TEATROS GREGOS:

.En Grecia e despois en Roma, as representacións teatrais eran un servizo público á comunidade, como medio de esparexemento. Os teatros serán pois edificios importantes. O seu deseño está pensado para dotar a estas construcións dunha acústica óptima.

O **Teatro de Epidauro** segue o modelo de teatro clásico. Nel podemos ver as tres partes principais :

Teatro de Epidauro

1.- A **orchestra**: É circular e nela colocábanse os músicos e o coro. En época helenística reduciuse o seu tamaño ata quedar en forma semicircular. Un bo exemplo pódese observar no ***teatro de Priene***

2.- O **escenario**: Estaba detrás da orchestra, cun corpo dianteiro chamado *proskénion*, especie de escenario dun só piso, orixinariamente de madeira.

3.- A **cavea**: Eran os chanzos ou conxunto de fileiras de asentos dispostos de forma ultrasemicircular, escavados na ladeira dun outeiro. O público accedía por uns corredores laterais (paradoi), que arrincaban da parte máis baixa da cavea.

d.- ORDES ARQUITECTÓNICAS GREGAS:

O resultado da búsqueda dos gregos da perfecta proporción e harmonía entre as distintas partes do edificio será o establecemento dunhas **ordes arquitectónicas: dórica, xónica e corintia**. Estas ordes codifican a forma e proporción dos elementos citados (tipo de capitel, decoración do friso...), e incluso condicionan as dimensións, a

planta e a advocación dos templos clásicos.





1.- Orde dórica:
- Columna sen basa.
- Fuste groso (altura igual a seis veces diámetro inferior do fuste), acanalado, con estrías vivas (sen biselar)
- Capitel sinxelo composto por un equino e un ábaco.
- Arquitrabe liso, sen ningún tipo de moldura.
- Friso dividido en metopas e triglifos.
- Exemplos: o *Partenón*.

2.- Orde xónica:
-Columna con basa, formada por dous toros e unha escocia.
-Fuste máis esvelto que o do dórico, sendo a altura nove veces o módulo. Ten estrías biseladas.
-Capitel cun ábaco máis delgado e decorado con ovas e dardos. Equino decorado con duas volutas en espiral nos seus extremos.
-Arquitrabe formado por tres bandas paralelas, a superior un pouco máis saínte que a inmediata inferior.
-Friso corrido, sen divisións, decorado con baixorelevos ou completamente liso.
- Exemplos: Na Acrópole de Atenas atópanse o de *Atenea Niké* e o *Erecteion*.

3.- Orde corintia:
- Columna con basa similar ao xónico, aínda que pode estar máis decorada.
- Fuste máis esvelto que no xónico: a altura é dez veces o módulo. Estrías biseladas.
-Capitel decorado con follas de acanto. Na parte superior, en contacto co ábaco, presenta catro volutas nos vértices.
- Arquitrabe e friso son case idénticos aos do xónico.
- Exemplos: O *Olimpeion de Atenas*, templo díptero dedicado a Zeus.

e.- A ACRÓPOLE DE ATENAS: PRINCIPAIS MONUMENTOS:

En época micénica a Acrópole de Atenas era unha cidadela fortificada. Máis tarde, cando a poboación pasou a vivir no chairo, quedou como **zona sacra**. O edificio central é o **Partenón**, pero hai máis monumentos, como os templos de Atenea Niké e o Erecteion, todos construídos ou comezados en **época de Pericles (s.V a.C.**) e financiados co diñeiro da Liga Ática. Na proxección deste conxunto arquitectónico xogará un papel fundamental o escultor **Fidias**.



Recreación da Acrópole de Atenas

a.- Os ***Propileos***: Proxectados por Mnesicles, constitúen a entrada monumental do recinto sacro. Presentan duas fachadas de orde dórico clásico, que repiten o esquema das fachadas dos templos, pero a columnata interior que bordea o camiño é xónica. A estrutura adáptase ao desnivel do terreo.

b.-O ***Partenón***: modelo de dórico clásico. Está dedicado a Atenea, patroa da cidade. Foi edificado en mármore pentélico na súa totalidade. Os planos foron de **Calicrates e Ictino**, aínda que a supervisión xeral da obra correu a cargo do escultor **Fidias**, que dirixiu tamén o programa escultórico (frontóns, metopas e friso xónico), así como a construción da imaxe de *Atenea Parthenos*. Trátase dun templo octástilo de orde dórico, cuxa planta divídese en tres: *pronaos, naos* e *opistodomo*. A maestría das súas correccións ópticas proporcionan a este templo a aparencia de harmonía, proporción e perfección que tanto procuraban os gregos.

c.- ***Atenea Niké***: Pequeno templo xónico tetrástilo e anfipróstilo. O seu pequeno tamaño fai que se prescinda da pronaos e do opistodomo. A fachada presenta columnas monolíticas e dous piares entre as antas, no canto das habituais columnas. Os laterais da naos péchanse cun muro, e non coa habitual perístasis de columnas. Parece ser que o emprego do xónico na Acrópole de Atenas é unha homenaxe ás cidades da Xonia, que sufriran moito nas guerrascontra os persas.



Tribuna das Cariátides

d.- O ***Erecteión***: É de orde xónico e presenta unha planta estraña, totalmente irregular, caso moi raro en Grecia, xa que foi proxectado para reunir nun só templo varios santuarios antigos: a tumba do heroe ateniense *Cécrops*, as cellas de *Erecteo*, rei mitolóxico de Atenas, e de *Atenea Polias* ("Defensora da cidade") sinalando o lugar onde se atopaba a oliveira de Atenea. Todas as columnas son xónicas e destaca no lado sur a famosa Tribuna das Cariátides.

II.4.- EVOLUCIÓN DA ESCULTURA GREGA.

a.- CARACTERÍSTICAS XERAIS:

1. **TEMÁTICA**: Destancan os temas mitolóxicos e os retratos de atletas, damas oferentes, batallas míticas e históricas, procesións... o espido masculino será considerado o símbolo da perfección e beleza mentres que o espido feminino será escaso ata época helenística na que tamén abundan os temas anecdóticos, así como os retratos.

2. **TIPOLOXÍAS:**

- Escultura de vulto redondo, estatuas e grupos escultóricos. Adoitan ser estatuas ergueitas, salvo no helenismo no que se adoitan posturas máis variadas.

- Relevos. Nas metopas dun templo podíanse situar escenas illadas, ou ben formar parte dun programa que reproducía normalmente loitas: xigantomaquia, centauromaquia, guerras médicas... Nos frontóns, as esculturas adaptan as súas posturas ao marco, de forma que no centro do frontón teremos figuras ergueitas, e aos poucos cara ao vértice veremos como se adaptan ata chegar a ser figuras tombadas. Nos frisos, as figuras adoitan disporse en actitude procesional ou ben configurando escenas, normalmente de batallas e loitas. Ademais, nos frontóns adóitanse dispor acróteras nos vértices, figuras monumentais de vulto redondo.

3. **MATERIAIS**: Os orixinais eran case sempre de bronce, traballado mediante a técnica de cera perdida , ainda que coñecemos a maioría das obras por copias romanas en mármore. No Helenismo abundaron máis as obras de mármore. O acabado das obras era moi pulido e ademáis os gregos policromaban as súas esculturas utilizando vivas cores, e incluso utilizaban postizos coma ollos de cristal, bridas de cabalos, etc... para dotalas dun maior naturalismo.



Canon de Policleto

4.-**PROPORCIÓNS E MOVEMENTO**: Como en Exipto, había un canon de proporcións ideal cuxo módulo era a cabeza. Buscan reflexar unha relación harmoniosa entre as distintas partes do corpo Para conseguir dar maior naturalismo á figura, introducen a postura do contraposto.

4. **EXPRESIÓN**: Na época clásica imponse unha idealización que represente a harmonía, serenidade e equilibrio entre a razón e as emocións. Este equilibrio rómpese na época helenística en favor dunha maior expresividade e dramatismo das representacións.

b.- ETAPAS:

O ARCAÍSMO MADURO (S. VI A. C.):

Kouros de Anavysos

- Estatuas dos ***kuroi*** (en singular *kuros*), atletas espidos, e as ***korai*** (en singular *koré*), raparigas vestidas portadoras de ofrendas. Exemplos desta tipoloxía serían: o ***kouros de Sunnión***, ***kouros de Anavysos***, ***Cleobis e Bitón***, a ***koré do Peplo***, *a* ***Koré 675***, *a* ***Hera de Samos.***
- Outras representacións son o *Xinete rampín*, ou o ***Moscóforo*** que representa ao deus Hermes cun tenreiro. En canto aos relevos destacan os do **frontón do *templo de Artemisa na illa de Corfú*.** Aparece no centro a *Gorgona Medusa*, flanqueada por dous animais e guerreiros de pequeno tamaño, para adaptarse ao espazo. Outra das escenas é *Ulises cegando ao cíclope.*
- Rasgos arcaicos: **Influencias exipcias, rixidez, simetría, hieratismo, frontalidade, anatomía moi esquemática, ollos amendoados**, o típico **"sorriso arcaico"** e o **cabelo cos rizos xeométricos.**
- Rasgos naturalistas: Paulatinamente, os detalles anatómicos reciben un tratamento máis naturalista e vaise suavizando o sorriso arcaico. Nas figuras das korai serán os pliegues da roupaxe o que irá gañando en complexidade e naturalismo.

PERÍODO SEVERO (500- 450 A. C.):

O Auriga de Delfos

Etapa "protoclásica" de grandes avances cara un maior naturalismo:

- Aparece o **contraposto** e elimínase o "sorriso arcaico. O ***Efebo* de Kritios** é un claro exemplo destes cambios: a anatomía é máis natural, mediante a torsión do pescozo e a figura comeza a **romper a frontalidade e o hieratismo** e a inserirse de xeito máis natural no espacio. O mesmo sucede co ***Poseidón de Artemision***, en bronce, no que a figura acada unha maior liberdade e unha **composición máis dinámica**.
- Maior naturalismo no encartado dos panos. O ***Auriga de Delfos*** é unha estatua de bronce que formaba parte dun monumento conmemorativo da victoria do auriga nos xogos olímpicos e do que se perdeu o carro e a figura do tirano que condecoraba ao atleta. O rostro é moi clásico, atemporal, o pelo máis natural e os **pliegues** dos panos ainda que pesados e xeométicos, son **máis ricos e variados** que no arcaico.

O PRIMEIRO CLASICISMO (450- 400 a. C.):

Acádase o **equilibrio na búsqueda da beleza ideal** na escultura grega:

- Establecese un canon de proporción ideal segundo o cal o corpo humano debe medir

exactamente sete veces a sua cabeza (Policleto)

- Harmonía dos membros (*diartrose*). No só é importante a proporción dos membros, senón a sua articulación natural.
- Movemento pausado non hai posturas forzadas nen movementos esaxerados.
- Contraposto: o corpo equilibrase perfectamente de xeito en que todo o peso descansa sobre unha perna mentras a outra avanza. Este contraste de forzas repítese á inversa nas extremidades superiores: a perna en repouso correspóndese co brazo en tensión, e a perna na que recae o peso correspóndese co brazo en repouso. O torso xira suavemente, os ombreiros xa non están totalmente frontais. Con todo isto a figura gaña en naturalismo.
- Roupaxe máis naturalista, os pliegues fanse máis finos e traslucen os corpos que cubren.
- Expresión idealizada e atemporal, os rostros non reflicten emocións (Fidias).
- Os autores máis representativos son **Mirón, Policleto** e **Fidias**.

O Doríforo.
Policleto

O SEGUNDO CLASICISMO (S. IV a. C.):

A Venus de Cnido.
Praxíteles

No s. IV a. C. mantéñense os principios fundamentais do Primeiro Clasicismo pero introdúcense cambios:

- Estílizanse as posturas das figuras
- Maior expresividade das emocións
- Introdúcese o anecdótico, buscando un tratamento humorístico dos temas mitolóxicos, e búscase representar o inmediato
- Toma importancia a temática do retrato.
- Os autores máis importantes serán: **Praxíteles, Lisipo** e **Scopas.**

O PERÍODO HELENÍSTICO (323- 30 A. C.). ESCOLAS:

- Período comprendido entre a morte de Alexandre Magno (323 a. C.) e a incorporación do último dos reinos helenísticos, o Exipto dos Ptolomeos, ao Imperio Romano (30 a. C.)
- Mestura de elementos gregos e orientais. Os centros artísticos son as grandes cidades dos reinos helenísticos: **Pérgamo**, **Alexandría** e **Antioquía**, entre outras. Os gobernantes constrúen grandes monumentos como reflexo do seu poder, que nada ten que ver coa arte das antigas polis gregas, feito para engrandecer a cidade e ao servizo dos seus cidadáns.

• A temática amplíase: non só aparecen deuses e atletas, senón que destacan os retratos. Tamén abundan as alegorías (personificacións de ríos, cidades etc.) e o espido feminino.

• Movemento moi acusado, ata esaxerado. As estatuas teñen diferentes puntos de vista, deben ser rodeadas para ser contempladas na sua totalidade.

• Composicións en espiral ou piramidales, que buscan a inestabilidade que acentúa o dramatismo.

• Abandónase o idealismo clásico. Os rostros reflicten sentimentos. Procuran representar esceas dramáticas, onde as personaxes se atopan no momento cumio do seu drama: mortes, suicidios, torturas, gritos de dor, raptos...

• Máis que de autores hai que falar de talleres ou Escolas. Destaca por exemplo a decoración do **Altar de Zeus** obra da Escola de Pérgamo, as representacións de **Gálatas moribundos** ou os grupos do ***Laocoonte e os seus fillos***, o ***Toro Farnesio*** ou a ***Victoria de Samotracia***, dentro da Escola de Rodas, ou a **Venus de Milo** na Escola de Antioquía.

Victoria de Samotracia

ALGÚNS DOS ESCULTORES GREGOS MÁIS REPRESENTATIVOS

A forte personalidade dalgúns dos escultores fai que sexa necesario estudar máis pormenorizadamente o seu estilo para entender e comentar as súas obras. Aquí tes un resumo das achegas máis importantes destes artistas á arte escultórica.

MIRÓN. A súa obra máis coñecida é o ***Discóbolo***, orixinal de bronce perdido e que se coñece grazas a copias romanas. A figura é moi atrevida posto que sorprende ao atleta no momento no que toma impulso para lanzar o disco, xusto un movemento en potencia previo ao lanzamento. A composición en espiral (caso excepcional no primeiro Clasicismo), multiplica os puntos de vista e consegue transmitir a sensación de "instantaneidade". A pesar de todo, a musculatura é aínda bastante ríxida, aínda non plenamente clásica. O rostro xa non presenta o sorriso arcaico, pero resulta pouco naturalista pola inexpresividade que contrasta co momento de esforzo representado.

En ***Atenea e Marsias***, repite esta característica, xa que os rostros permanecen impasibles fronte á violencia da escena representada. É outra obra que destaca pola súa composición, formada a base de diagonais contrapostas que marcan equilibrio e tensión na escena.



***O Discóbolo*, Mirón**

FIDIAS. Será o chamado escultor dos deuses a súa temática predilecta. Caracterizase por un tratamento da anatomía máis brando e os pliegues da roupa coa técnica dos "panos mollados": a roupa parece que está pegada ao corpo e cae de xeito natural formando multitude de pliegues, aumentando os contrastes de luz- sombra. Os seus rostros son idealizados, de lábios carnosos e mentón firme, cunha expresión serea, calma, que pretende representar o equilibrio espiritual do personaxe, como é característico na escultura do século IV.

A primeira obra documentada é a ***Atenea Prómakos*** ("defensora da cidade"), levantada na Acròpolis de Atenas, cara ao 460 a. C., xunto ao Partenón. Era de bronce e medía uns 15 m de altura representa á deusa armada con escudo e casco.

Sen dúbida os seus maiores logros artísticos están no ***Partenón*** onde Fidias supervisa todo o programa escultórico. A súa primeira intervención aparece nos baixorelevos que decoran as **metopas** nas que se desenvolven catro historias mitolóxicas nas que intervén Atenea: a ***Xigantomaquia***, a ***Amazonomaquia***, a ***Guerra de Troia*** e a ***Centauromaquia***. Posteriormente labrouse o ***friso xónico das Panateneas*** no muro exterior da cella. É un friso corrido de tradición xónica que narra un acontecemento real que se reproducía cada catro anos e no que se introducía aos mesmos deuses. En canto á composición, segue un ritmo procesional, coas figuras dispostas nunha sucesión lineal, aínda que tamén se busca crear profundidade mediante a superposición de figuras e a gradación do relevo. Para rematar o seu taller labrou os ***frontóns***: o oriental representa o ***nacemento de Atenea*** e o occidental representa o certame que se convocou no Olimpo para elixir o patrón da Ática (*Atenea contra Poseidón*).

Dentro da cella do Partenón Fidias construíu a xigantesca estatua de ***Atenea Parthenos*** de 12 m. de altura, empregando a técnica crisoelefantina que consiste en facer a figura con placas de ouro e marfil colocadas sobre un soporte de madeira.

Por motivos políticos Fidias tivo que fuxir de Atenas e refuxiarse en Olimpia, onde construíu a estatua de ***Zeus Olímpico***, coa técnica anterior. Esta figura de Zeus marcará o inicio dunha tipoloxía que será herdada polo cristianismo na representación do Cristo Xuíz ou Pantocrator.

Atenea Promakos. **Fidias**

Relevos do frontón do Partenón, Fidias

Metopas do Partenón, Fidias.

POLICLETO, o seu tema recurrente serán os atletas de bronce, xa que o tratamento do corpo espido permítelle estudar cal debería ser a proporción perfecta do corpo humano. As súas teorías recollíanse nun tratado "*O Kanon*" (*a Norma)*. O texto perdeuse, pero as súas teorías quedan reflectidas nunha obra práctica: o ***Doríforo***, tamén chamado Kanon (orixinal de bronce perdido), que mostra a un atleta, cunha lanza ao ombreiro: a altura total baséase nun canon de proporcionalidade de sete veces o tamaño da cabeza. Perfecciónase o equilibrio da figura mediante o contraposto e a diartrose. Outra obra importante é o ***Diadúmeno***. O rostro é máis idealizado que o do Doríforo, quizais por influencia de Fidias, e a súa composición é máis avanzada, o atleta levanta os seus brazos para cinguirse a diadema de vencedor.



O Diadúmeno. **Policleto**

PRAXÍTELES. Representa a corrente hedonista: as súas obras, dentro da estética clásica, son máis amables, cun maior sentido do humor e moi sensuais. O modelado das figuras é moi brando, presentando un acabado moi puído con aspecto "xabonoso". Destaca a peculiar posición das súas estatuas, formando o que se chama "**curva praxiteliana**". Rómpese o equilibrio clásico no que predominaba o ritmo vertical da figura matizado e equilibrado pola curvatura do contraposto. Con Praxíteles domina a curva por encima da recta. As figuras perden a verticalidade e vense dominadas por unha gran "S". Por encima do equilibrio e a serenidade prima a lixeireza, a elegancia e a sensualidade.

Destacan o *Sátiro Escanciador* o ***Apolo Sauróctonos*** e a ***Venus de Cnido***, onde aparece a deusa saíndo do baño no primeiro espido feminino da arte grega. Outra obra deste autor é ***Hermes con Dionysos neno***. Nas súas obras utilízase a ironía e ata a irreverencia no tratamento de temas mitológicos: o dragón que derrota Apolo segundo o relato mítico queda convertido nun pobre lagarto, Dionisos neno lánzase a por o acio de uvas que lle mostra sarcásticamente Hermes insinuando xa as futuras inclinacións etílicas do deus, a Venus de Cnido aparece representada no mesmo momento en que un mirón a espía no seu baño.

Apolo Sauróctonos. Praxíteles.



***Ménade danzante*, Scopas**

SCOPAS Representa a corrente patética, que profunda na representación da dor. Os seus personaxes aparecen atormentados, aínda que os xestos sexan contidos, non esaxerados, como no helenismo. Os rostros adquiren trazos máis violentos (ollos afundidos, cellas moi marcadas, boca entreaberta), como aparece en obras como: ***Meleagro*** *ou* ***Ménade danzante*** . A súa obra máis importante é a decoración do ***Mausoleo de Halicarnaso*** tanto os frisos como a escultura de vulto redondo que, polas súas características, é xa helenística.

LISIPO é o escultor que fai de ponte entre o Clasicismo e o Helenismo. Introduce un novo canon de proporcións de oito cabezas, que reflectiu na súa obra: ***O Apoxiómeno***. Esta obra, realizada en bronce cara ao 340 a. C., representa a un atleta que se está quitando o aceite do seu corpo co estríxilo, especie de cepillo. Aparte do canon novo, este autor multiplica os puntos de vista creando profundidade nas obras cos brazos colocados cara ao espectador, incorporando o espazo que rodea a escultura á obra, sendo este un trazo helenístico. Outras obras importantes son o ***Heracles Farnesio***, e ***Eros tensando o arco***.

É tamén retratista de **Alexandre Magno**. Nos bustos que fai deste emperador comeza a codificarse a imaxe escultórica do poder político.

O *Apoxiómeno*. Lisipo

.

ESCOLA DE RODAS: O grupo máis coñecido é o ***Laocoonte e os seus fillos*** (50 d. C.), esculpido en mármore por **Agesandro de Rodas e os seus fillos Atenodoro e Polidoro**. Representa o castigo que mandou Apolo ao sacerdote troyano Laocoonte por telo ofendido, enviándolles duas serpes para que asfixiasen ao sacerdote e aos seus fillos. Foi esculpido para a Domus Áurea de Nerón e alí atopouse en 1506, inspirando aos escultores italianos do Renacemento. Neste grupo escultórico plantexase una audaz composición formando un triángulo cuxo vértice se sitúa na cabeza do sacerdote e dúas diagonales desde a cabeza do fillo maior e o brazo do Laooconte e unha diagonal paralela a esa formada pola perna esquerda do Laooconte e o corpo do outro fillo. Combínase así unha composición piramidal e unha composición diagonal, típicas do helenismo, que lle da dinamismo á obra. É unha obra que podemos rodear pero segue a ter un punto de visión óptimo no punto frontal. Outras dúas obras importantes desta escola son a ***Vitoria de Samotracia*** (190 a. C.), que representa á deusa Vitoria na proa dunha nave (técnica dos "panos mollados".

ALTAR DE ZEUS EN PÉRGAMO:. O ***altar de Zeus*** (180- 160 a. C.) é unha enorme estrutura xónica, con baixorelevos que representan o triunfo dos deuses do Olimpo sobre os Xigantes, fillos de Xea (A Terra). Predominan as representacións grandiosas cun forte contido heroico e tráxico A grande forza expresiva, o patetismo, o movemento esaxerado e o "barroquismo" son claramente helenísticos. Outra obra importante desta escola é o ***Grupo dos Gálatas*** (230 a. C.), composta por cinco esculturas, exvoto colocado no templo de Atenea para dar grazas pola vitoria do rei Atalo I sobre os gálatas. A derrota, a honra a morte tráxica serán os temas representados.

II.-A VISIÓN DO CLASICISMO EN ROMA.

II.1.- ACHEGAS DE ROMA Ó MUNDO CLÁSICO

Roma, ademáis de ser a encargada de estender polo Mediterráneo a cultura grega, ofrece achegas orixinais que acaban de conformar o que entendemos por cultura clásica, como son a expansión do latín, ou a codificación do Dereito Romano, e ata a difusión do cristianismo na súa etapa final, aspectos todos eles que contribúen a sentar as bases da cultura occidental.

Polo que respecta á arte, Roma bebe da tradición grega que vai sumar a unha herdanza etrusca. Pero ademáis a arte romana presenta unha personalidade clara, na que vai destacar o seu carácter práctico e técnico, sobre todo na arquitectura, no urbanismo, na enxeñería, aspectos todos eles unidos no mundo romano.

PERÍODO	MARCO HISTÓRICO	ARTE
MONARQUÍA (s.VIII–s.VI a.C.)	Fundación da cidade. Aparición do Senado, formado por anciáns patricios.	Influencias gregas e etruscas.
REPÚBLICA (s.VI – 27 a.C.)	O poder divídese entre as Maxistraturas e o Senado. Triunfo sobre Cartago. Expansión de Roma no Mediterráneo, conquista das Galias. Período que remata con inestabilidade, guerras civis, e a crise das institucións republicanas. Asasinato de Xulio César.	Desde o século II a.C. coa progresiva anexión dos reinos helenísticos prodúcese unha helenización que reflexa a admiración dos romanos pola cultura grega, impulsada pola chegada de artistas e pensadores gregos a Roma coma esclavos. Ao linguaxe clásico engádense influencias etruscas como o uso do arco de medio punto e novos materiais.
IMPERIO (27 a.C – 476 d.C.)	Octavio Augusto proclámase emperador e asume todas as funcións dos maxistrados, preside o Senado, o exército, é divinizado... *Pax Romana*, esplendor do Imperio. Estabilidade con emperadores, como os Antoninos (Trajano, Adriano, Marco Aurelio). Baixo Imperio (s. III en diante) : época de crise que se agrava co tempo: crise económica e monetaria, guerras civís, invasións. Teodosio (395) divide o imperio entre os seus 2 fillos: Honorio (Occidente - caerá en poder dos xermanos), Arcadio (Oriente - evoluciona ata dar orixe ao Imperio Bizantino). Fin do Imperio Romano de Occidente no 476.	Construción de numerosas obras públicas, financiadas mediante as conquistas romanas e nas que se glorifica aos emperadores que as patrocinan e se reflexa o poder do propio Imperio (arcos de triunfo, columnas conmemorativas, templos,). Engándense novas tipoloxías, infaestructuras necesarias para a nova urbe e o novo imperio (calzadas, pontes, acueductos, anfiteatros) Continúase o modelo estético da arte grega helenística, e desde o século III impóñense novas influencias menos idealizadas (introducción do realismo e o simbolismo na escultura).

II.2.- ANTECEDENTES E PRINCIPIOS BÁSICOS DA ARTE ROMANA

a) **HERDANZA ETRUSCA**: Pobo de orixe incerto asentado no territorio comprendido entre os ríos Arno e Tíber en cidades como Caere, Vulci, Volterra ouTarquinia durante os séculos VII ao IV a.C. Transmiten aos romanos a importancia do culto aos antepasados, o interese polos ritos de adiviñación, así como a o culto á Tríada Capitolina ou á deusa Vesta. Artísticamente o arte etrusco toma moitos elementos de Grecia, pero tamén terá achegas orixinais que serán tomadas polos Romanos:

- Templos elevados sobre un alto podio, cubertas con gran voladizo, columnas de orde toscano.
- Usan o arco de medio punto.
- Enterramentos ás aforas das cidades construidos como tumbas subterráneas cubertas con falsa bóveda e túmulo cuberto de vexetación.
- Na escultura a influencia grega arcaica é moi grande (sorriso arcaico, pelo xeométrico etc.), pero os etruscos buscan representacións máis expresivas e máis realistas con importancia do tema do retrato. Tradición de representar aos defuntos: retratos dos antepasados, retratos de defuntos nos seus sarcófagos.

Sarcófago dos Esposos

b) **HERDANZA GREGA**: Os romanos admiraron sempre a cultura grega, a súa arte, a súa literatura, a súa ciencia, a súa filosofía e a súa relixión. Na escultura o modelo grego será evidente, mentres que en arquitectura os romanos perfeccionarán as técnicas construtivas e innovarán na utilización de materiais adaptándoos ás novas necesidades. Convén con todo ter en conta que a arte que os romanos tomarán como modelo será a do período helenístico, non o da Grecia clásica. Así, en arquitectura óptase por un colosalismo que reflicta a grandeza do poder político. En escultura existe un gusto por reflectir o cotián, o anecdótico, e un maior decorativismo que chega a converterse en horror vacui.

c) **SINCRETISMO**: os romanos asimilan e integran todas as achegas culturais dos pobos aos que conquistan adaptándoas á súa propia personalidade cultural. Aproveitan os materiais constructivos autóctonos das provincias conquistadas.

d) **CONSIDERACIÓN SOCIAL DO ARTISTA**: así como en Grecia puidemos estudar a obra de distintos arquitectos e escultores e coñecemos por testemuños escritos a de varios pintores, en cambio en Roma o artista perde gran parte do seu prestixio social, pasando a ser un mero copista de obras ou un técnico máis que un creador. Na maioría das ocasións, sobre todo os escultores, nin sequera eran homes libres, senon que foran traídos de Grecia como escravos, como a maior parte dos creadores e intelectuais.

II.3.- ARQUITECTURA E URBANISMO EN ROMA:

a.- CARACTERÍSTICAS XERAIS.

- A arquitectura romana, a diferenza da grega, ten un carácter práctico e funcional. Predominan as obras e edificios públicos: circos, teatros, pontes, rede de sumidoiros, calzadas, termas, edificios administrativos etc.
- As influencias máis importantes son a tradición etrusca (tipoloxía dos templos, emprego do arco e a bóveda) e sobre todo a tradición grega, fundamentalmente do Helenismo. Ademáis engaden achegas dos pobos conquistados.
- Carácter colosal e propagandístico: arquitectura como reflexo do poder do Imperio e dos seus gobernantes.
- Materiais: emprego da pedra (mármore, calcaria, travertino, granito, tufo ...) e masivo do ladrillo, de diversas medidas. A gran achega romana é o emprego dun novo material: o morteiro ou cemento romano ("*opus caementicium*"), formado por morteiro de cal, area, cinzas volcánicas e anacos de ladrillo ou pequenas pedras. Como o material exterior era pobre revestíase con placas de mármore, suxeitas ás paredes con grapas de metal, con pinturas previo estucado, ou mosaicos (*opus tesellatum)*.
- Tipos de aparellos ("*opus*"): Os romanos usaron unha gran variedade de aparellos para construír os muros e as bóvedas, segundo empregásen un ou outro material como o *opus testaceum*, o *opus reticulatum*, o *opus latericium*, o *opus cuadratum*, o *opus mixtum*...
- Engadiron duas ordes novas: a orde toscana, e a orde composta, ás xa clásicas dórica, xónica e corintia. Van a utilizalas ademáis con maior liberdade, superpoñendo distintas ordes nun mesmo edificio como sucede no Coliseo.
- A arquitectura romana é abovedada: emprego masivo do arco de medio punto e da bóveda de canón. Tamén empregaron a cúpula, apoiada sobre muros circulares. A pesadez destas estruturas obriga a construír grosos muros para contrarrestar o seu empuxe.

Coliseum* e *Arco de Constantino

- Gran importancia do espazo interior dos edificios; grazas ás novas técnicas abovedadas xéranse espazos interiores amplos e maxestuosos. Os edificios pusúen así un carácter plenamente arquitectónico, fronte ao escultórico que tiñan os templos gregos.

Ruinas do Foro Romano



b.- O URBANISMO ROMANO. O FORO COMO CENTRO DE PODER:

A cidade romana é a expresión da orde imperial e o seu trazado adoita ser regular nas cidades de nova planta do Imperio, mentres que as cidades máis antigas e a propia Roma terán unha planta irregular.

Como modelo de urbanismo romano tómase a **cidade de Timgad** (Alxeria), fundada por Trajano no ano 100 para o retiro de lexionarios veteranos. O plano, case un cadrado perfecto, divídese en catro anacos por duas grandes rúas axiales e perpendiculares: o cardo (cardus), orientada N - S, e o decumano (decumanus), orientada E- W. As rúas secundarias sitúanse paralelas aos eixos principais, son máis estreitas, e forman unha retícula que orixina mazás rectangulares, coñecéndose este sistema por trazado hipodámico ou en damero, modelo tomado do mundo helenístico.

No punto de intersección do cardo e o decumano situábase **o foro**, centro político, relixioso e económico da cidade. A diferenza da ágora grega, o foro romano tende a ser un espazo pechado e xeométricamente ordenado. Ao seu redor situábanse os principais edificios da cidade: a curia (onde se reunía o Senado), os templos dedicados ao culto oficial, a basílica (destinada a xulgado e tribunal de xustiza), o mercado, ás veces as termas, etc. Tamén había monumentos conmemorativos (arcos de triunfo, estatuas). En Roma temos o **Foro Romano**, onde se situaban os edificios públicos máis antigos, e ampliado cos **Foros Imperiais**, iniciados por César e continuados polos emperadores Augusto, Vespasiano, Nerva e Trajano.

c.- OS TEMPLOS. TIPOLOXÍAS:

Templo da Maison Carré

- TEMPLO LONXITUDINAL: Modelo grego e etrusco. Os templos romanos podían estar dedicados a un deus ou a varios como á Tríada Capitolina, así como aos emperadores divinizados. A *cella* ou *naos* é moi ancha (se se dedica á Tríada, divídese en 3 partes), péchase con muro e columnas adosadas e tampouco hai *opistodomo*. Case sempre se colocan sobre un alto podio e predomina a fachada principal, mentres que a posterior apenas se resalta: rompese por tanto coa simetría do mundo grego. Esta estructura podemos vela por exemplo no ***Templo da Fortuna Viril***, en Roma ou na ***Maisón Carré*** de Nimes, ao sur de Francia, levantado no s.I a.C., en época de Augusto. Trátase dun

templo hexástilo pseudoperíptero, de orde corintia e esculpido en pedra calcaria típica do lugar.

Interior do *Pantéón*

- TEMPLO CENTRALIZADO**:** Tomando como modelo os monumentos funerarios gregos (*tholos)* e os sepulcros etruscos os romanos constrúen **templos de planta circular**, como os dedicados a **Vesta**, cunha cella rodeada dunha fila de columnas compostas ou corintias. Outro exemplo de templo de planta central é o ***Panteón* de Roma** cuxa enorme cúpula casetonada será un dos maiores fitos e referencia constante dentro da historia da arquitectura.

d.- EDIFICIOS PARA ESPECTÁCULOS:

- O CIRCO destínase ás carreiras de carros. A súa estrutura deriva dos hipódromos gregos e consta dunha pista rectangular dividida en dous por un muro de separación (*spina*). Os chanzos rodeaban por completo a pista. O máis grande era o ***Circo Máximo*** de Roma, que foi ampliado varias veces ata alcanzar unha capacidade de 250.000 espectadores.

- O TEATRO romano conserva a estrutura do grego, pero a diferenza fundamental era que non se colocaba na ladeira dunha montaña para aproveitar o desnivel, senón que se levantaba exento mediante a construción de arcadas superpostas abovedadas de formigón, ladrillo, pedra ou *opus mixto*. Sobre elas colocábanse os chanzos (*cavea*) e o escenario semicircular situado sobre un podio. A diferenza dos gregos, os romanos terán tendencia a cercar os lugares nos que se realizan actos públicos e así, se para os gregos o teatro era esencialmente unha estrutura aberta á paisaxe, para os romanos convértese nunha estrutura pechada. Ata podía cubrirse parte do escenario e a bancada, ou no caso de teatros pequenos (*odea*) tiñan cuberta de madeira. O primeiro gran teatro romano é o ***Teatro Marcelo*** de Roma, construído en época de Augusto e que serve de modelo aos posteriores. Nas provincias destacan o ***teatro de Palmira*** e o ***teatro de Mérida***.

Teatro Romano de Mérida

• O ANFITEATRO. Xorde da unión de dous teatros, eliminando o escenario. E un edificio destinado a loitas de gladiadores e outros espectáculos sanguentos: execucións, loitas de feras ou de homes contra feras etc. A planta era elíptica e os chanzos construíanse como nos teatros. Debaixo da area había un sistema de galerías para gardar as feras e outras dependencias (fosa bestiaria). O máis coñecido é, sen dúbida, o *Anfiteatro Flavio*, coñecido polo ***"Coliseo"*** (Roma), edificado no último cuarto do s.I d.C., e que podía albergar a 45.000 espectadores. Na fachada exterior superpóñense as tres ordes clásicas en columnas encostadas, máis o composto nas pilastras do último piso. Crease ademáis un esquema que enmarca o arco de medio punto que sirve de soporte dentro dunha estructura alintelada que marcan as columnas e o lintel.

e.- OUTROS EDIFICIOS:

• TERMAS. Grandes complexos, sobre todo as de Roma, onde ademais das instalacións para o baño podía haber xardíns, ximnasios, saunas, salas de masaxes, bibliotecas etc. Son as máis avanzadas obras de enxeñería romanas, sobre todo as inmensas salas con bóvedas de aresta ou cúpulas de formigón, colocadas sobre grosos muros e revestidas de mosaicos e placas de mármore. Había tres salas: a fría (*frigidarium*), a tépeda (*tepidarium*) e a quente (*caldarium*). A auga quentábase por medio dun sistema de condutos situados debaixo do chan (hipocausto). As máis grandes son as ***termas de Caracalla*** (principios do s. III) e as ***termas de Diocleciano*** (finais s. III), en Roma.

Termas de Caracalla

• As BASÍLICAS . Destinadas a albergar tribunais de xustiza ou a bolsa de comercio. Planta rectangular, con tres ou cinco naves, teito plano e unha ábsida, polo menos nun dos lados curtos (onde se colocaba o tribunal). Destacan a ***Basílica Aemilia*** e a ***Basílica Xulia***, no Foro Romano e a ***Basílica de Maxencio*** (principios do s. IV), de tres naves e abovedada (como as termas). As basílicas son de gran importancia porque cando os cristiáns busquen un modelo para os seus templos de culto copiarán esta tipoloxía, capaz de albergar gran número de fieis e adaptarse ás necesidades do culto cristián.

• Os ACUEDUCTOS servían para fornecer de auga ás cidades. Trátase dun conxunto de elementos que serven de apoio á canle por onde pasa a auga que inclúen cisternas, arquerías, sifóns, muros, canles subterráneas etc. Pero son as grandes arquerías a parte máis espectacular da obra. É magnífico o ***Pont du Gard*** (Nimes), mentres que en Hispania os mellor conservados son os ***acueductos de Segovia*** e



Acueducto de Segovia

acueducto de *Mérida*.

• As PONTES. Reflicten o grao de perfeccionamento técnico da enxeñería romana, que crea estruturas que en moitas ocasións seguen sendo utilizadas total ou parcialmente nos nosos días, como sucede coa ***ponte sobre o río Bibei*** *en Ourense*. A ponte romana constrúese con grandes arcos, como sucede na ***ponte de Alcántara***, do s.I d.C. con dous arcos centrais que miden 27 m. de luz, e arcos laterais que se axustan aos desniveis do terreo.

Arco de Constantino

• O ARCO DE TRIUNFO. Monumento conmemorativo símbolo das conquistas do Imperio. Os primeiros son do s.II a.C., pero a maioría constrúense durante o Imperio. Só en Roma levantábanse máis de 50 arcos de triunfo. A maioría deles teñen un só arco, como o ***arco de Tito***, flanqueado por semicolumnas ou columnas e con paneis esculpidos. A parte superior decorábase con esculturas e servía de soporte a unha cuádriga. Na metade oriental do Imperio o arco triplo era o máis popular, como ***o arco de Constantino***.

• A COLUMNA CONMEMORATIVA. Parece retomar a tradición exipcia dos obeliscos, e serve de soporte a un programa de relevo escultórico que conmemora un triunfo militar, como sucede na famosa ***columna Trajana***.

• As VILAS. As vilas eran vivendas unifamiliares construidas en torno a un patio central e situadas nos arredores das cidades onde residían as clases altas, como a **Vila Adriana** en Tívoli ou a ***Vila de Diocleciano*** en Split. Pola contra, o pobo residía nas chamadas *insulae*, edificios de ladrillo e madeira organizados en varias plantas e divididos en pisos.

• Os ENTERRAMENTOS. Situábanse nos camiños de acceso á cidade, xa que estaban prohibidos dentro da mesma. Son frecuentes os edículos sobre podio con planta circular, como o **sepulcro de *Cecilia Metella*** ou o ***Mausoleo de Adriano*.** Pensados para estar cubertos dun túmulo de terra cuberto de vexetación, vincúlanse coa tradición etrusca. Nos casos de incineración, as cinzas recollíanse en pequenas urnas que se colocaban en nichos.

II.4.- A ESCULTURA ROMANA

a.- CARACTERÍSTICAS:

- Forte carácter propagandístico da escultura pública sobre todo durante o Imperio.
- Duas correntes: a escultura romana moverase entre unha forte tendencia ao realismo, e a influencia en determinados momentos máis forte, da idealización grega. Nos últimos anos do Imperio imporáse unha progresiva esquematización, perda de proporcións e perspectiva que desenbocará nunha perda do oficio escultórico que se manterá ata o final da Idade Media.
- Tanto os materiais como a técnica parten da escultura grega, so que os romanos inciden máis nun decorativismo que enche a obra, chegando en ocasións a cubrila por completo de relevos (*horror vacui*). Engádese un repertorio decorativo de bucráneos, roleos e guirnaldas dispostos de forma xeometrizada.
- En canto ás temáticas destacan o retrato e o relevo histórico.

O RETRATO ROMANO:

- RETRATO DE CARÁCTER PRIVADO: Coa finalidade de serviren de recordo dos membros da familia, ou simplemente como elemento de prestixio persoal. Para lograr un maior realismo nas representacións é fundamental a tradición das *imago maiorum*, retratos extremadamente realistas tomados de máscaras mortuorias, que rememoraban aos antepasados. Un bo exemplo é a ***Estatua do togado Barberini***, onde aparece un patricio que porta as efixies dos seus antepasados. Estes retratos ocupaban un altar dentro de cada casa e eran portados nos solemnes actos públicos. O rostro será a parte máis importante do retrato, que vai reducíndose en tamaño ata quedar en bustos.
- RETRATO DE CARÁCTER PÚBLICO: O retrato do emperador convértese en instrumento de propaganda oficial e represéntase de maneiras distintas:

  - Retratos togados: aparece coa toga de senador, ou coa toga de pontífice máximo (coa cabeza cuberta). ***Augusto do museo das Termas***

  - Retratos militares, onde se representa ao emperador arengando ás suas tropas. ***Augusto de Prima Porta***.

  - Retratos do emperador personificado como deus. Retrato do emperador ***Claudio divinizado.***

  - Estatuas ecuestres como a ***estatua ecuestre de Marco Aurelio***, que representan os triunfos militares dos emperadores, e que acuña unha tipoloxía representativa do poder político que será retomada no Renacemento (Donatello e Verroccio).

Augusto de Prima Porta

O RELEVO HISTÓRICO

É a gran achega dos romanos á escultura. En Roma eran frecuentes as celebracións triunfais dedicadas aos emperadores que volvían vitoriosos da guerra, erixindo monumentos que os honrasen: arcos de triunfo, altares e columnas, decoradas con relevos históricos con intención propagandística.

Neste tipo de relevos, conséguese crear profundidade mediante a gradación do relevo pictórico , e en ocasións conséguese unha visión perspectiva grazas á inclusión de elementos arquitectónicos ou paisaxísticos como fondo. En ocasións as representación cárganse de figuras ata cubrir por completo as superficies, cun *horror vacui* que se impón a toda composición.

O ***Ara Pacis*** de Augusto foi erixido como homenaxe ao emperador por ter conquistado as Galias e Hispania. Consta dun pequeno altar rodeado dun muro case cadrado (10x11 m.), recuberto de relevos.

As columnas conmemorativas elévanse sobre un pedestal (que adoita servir de mausoleo), cuxo fuste está adornado cunha banda continua de baixo relevos. Como remate unha especie de capitel servía de soporte á estatua do emperador divinizado. A ***columna de Trajano*** foi erixida no seu foro e nos seus baixo relevos nárrase a conquista da Dacia. As figuras represéntanse ao xeito clásico, naturalistas e idealizadas, empregando o relevo pictórico para representar a perspectiva.

A ***columna de Marco Aurelio*** imita á anterior, pero o seu estilo é moi dramático, anticlásico (non hai relevo pictórico, as figuras non teñen proporcións naturais). Aquí aparece a corrente anticlásica que nos anuncia a arte medieval.

OS **BAIXORRELEVOS DO ARA PACIS**: no muro interior do recinto aparece un friso formado por bucráneos (cabezas de touro, influencia de Pérgamo) e guirnaldas. No exterior do muro hai un zócalo de roleos de acanto e na parte superior catro alegorías nos lados con porta (dúas a cada lado) e, nos lados sen entrada represéntase a procesión cívica onde o emperador, acompañado de Eneas, a familia imperial e os senadores acoden ao sacrificio anual en honra da Paz. As figuras ordenanse nun ritmo procesional e os rostros son retratos dos personaxes, distinguíndose a maioría deles. O relevo pictórico está moi logrado. Das alegorías destaca a da Terra, que aparece como unha matrona flanqueada polos xenios do aire (sobre un cisne) e da auga (sobre un monstro mariño) como símbolo da prosperidade do reinado de Augusto.

Os arcos de triunfo tamén estaban decorados con baixo relevos e columnas, coas correspondentes inscricións, que glorifican ao emperador. O núcleo era de formigón e ladrillo, forrado con mármore. Encima do ático adoitaba haber unha cuádriga de bronce. Dun só van destaca o ***arco de Tito*** con baixo relevos sobre a guerra contra os xudeus, e o saqueo de Jerusalem. Máis tardíos e cun estilo máis anticlásico temos o ***arco de Septimio Severo*****,** no Foro Romano e o ***arco de Constantino***, moi tardío, que presenta

a particularidade de ter baixo relevos saqueados de monumentos anteriores como os do arco de Trajano de moita maior calidade que os que se fixeron propiamente para este arco.

II.5.- A PINTURA E O MOSAICO ROMANOS

Gracias sobre todo aos restos das cidades de Pompeia e Herculano, coñecemos cómo era a pintura mural romana. Esta pintura desenvolverá cada vez unha maior complexidade na representación espacial e perspectiva. Iníciase simplemente como imitación de revestimentos de mármore, para ir introducindo pouco a pouco elementos arquitectónicos e paisaxes, con carácter ilusionista e tratando de acadar unha representación perspectiva dos espacios e as figuras. As cores utilizadas son moi variadas e vivas.

Tamén se conserva pintura sobre táboa sobre todo de retratos. Son dun gran realismo, sobre fondos neutros, iluminados de forma homoxénea e suave e con predominio de cores ocres e suaves.

Os romanos toman dos persas e perfeccionan a técnica do mosaico. Trátase de pequenas pezas de terracota vidriadas chamadas teselas coas que se forman decoracións xeométricas ou figuradas. Utilízanse para decorar chans e tamén paredes. Segundo o tamaño das teselas utilizadas distínguense varios tipos de mosaicos: *opus tesellatum* (tamaño das teselas superior a un cm), *opus vermiculatum* (tamaño das teselas inferior a un cm. Busca efectos pictóricos, gradacións de cor, efectos de claroscuro.

II.6.- A ARTE NA HISPANIA ROMANA E A SÚA PRESENZA EN GALICIA.

ARQUITECTURA E URBANISMO

A Arquitectura será unha arte ao servizo da conquista e a romanización das provincias. A Península será conquistada a finais do s. I a.C., comenzando entón a explotación dos recursos agrarios na meseta e no sur, e mineiros no noroeste.

Nas cidades de nova formación aplicarase un trazado ordenado en forma de damero que parte como xa sinalamos da organización do campamento militar romano. Así o vemos en cidades como *Tarraco* (dividido en 3 niveis), *Emérita Augusta* (Mérida) e a chamada e *Itálica* (Sevilla). Na Gallaecia serán tres as cidades en torno ás que se organice a presencia romana: *Bracara Augusta* (Braga), *Astúrica Augusta* (Astorga) e *Lucus Augusti* (Lugo). Nesta última consérvanse as murallas do século III que dan idea da inestabilidade do imperio nos últimos séculos do Imperio. Ademáis destas grandes urbes e outras vilas romanas de menor tamaño, na Gallaecia manteráse o hábitat típico

prerromano, os castros. Perviven comunidades gandeiras e agrícolas que siguen habitando de maneira dispersa o territorio, en poboados amurallados con vivendas unifamiliares de planta xeralmente circular ou ovoide. Tamén estes castros sufrirán unha romanización incorporando algunhas achegas romanas como a adaptación das termas romanas.

***Ponte sobre o Bibei*, Povoa de Trives.**

Na construción de obras públicas é onde mellor se representa o espírito práctico romano que busca sacar o maior proveito ás suas conquistas facilitando infraestructuras que permitan explotar recursos e transportar mercadorías. Para facilitar o tráfico marítimo constrúense por exemplo faros como a ***Torre de Hércules***, na Coruña, torre de base cadrada rodeada dunha escada helicoidal mediante a que se accedía á parte superior. O aspecto actual do faro reflexa as modificacións engadidas ata o século XVIII.

No transporte terrestre serán fundamentais **as *pontes*** construídas con núcleos de formigón e cubertos de placas de pedra formando grandes arcadas. Exemplos importantes serían as **pontes de *Mérida*** *ou a de* ***Alcántara.*** Na Gallaecia destaca a ***ponte sobre o río Bibei*** na provincia de Ourense, construida con grandes placas de granito local e que seque ainda hoxe en día en uso.

As cidades fornécense de auga gracias aos ***acueductos*** como o **acueducto de *Segovia***, cuxas arquerías seguen a ser a imaxe máis representativa da cidade. Outros destacados son o acueducto de ***"Los Milagros" de Mérida***, erixido con fiadas alternativas de sillares de granito e ladrillos e núcleo de formigón, así como e o de ***Lles Ferreres en Tarragona***.

As edificacións adicadas ao lecer son menos frecuentes nas provincias, sobre todo na Gallaecia, menos romanizada, pero contamos con algúns exemplos como as ***termas de Lugo*** das que conservamos dúas salas cubertas por bóveda de canon. Outro exemplo podería ser ***Santa Baia de Bóveda***, no que conservamos tres salas separadas por arcos e na que destaca a pintura mural das súa bóveda, ainda que non se coñece totalmente a utilidade nin a cronoloxía exacta da construcción.

Fragmento das termas de Lugo

Entre os **teatros**, o máis importante é o ***teatro de Mérida*** (parcialmente reconstruído), cuxa cavea inferior está escavada no chan, seguindo o modelo grego. Outros teatros importantes son *o* ***teatro de Itálica*** (Sevilla), tamén parcialmente restaurado e *o* ***teatro Sagunto*** (excesivamente restaurado).

Dos **anfiteatros** o máis grande é o ***anfiteatro de Itálica***, parcialmente destruído, cunha gran "fosa bestiaria".

Consérvanse tamén **arcos de triunfo** destacando o ***arco de Medinacelli*** en Soria, de tres vans.

ESCULTURA E MOSAICOS

As esculturas atopadas na Hispania romana abundan máis na Bética, a Lusitania e a Tarraconense que na Gallaecia, e terán unha calidade dispar. Destacan as conservadas no Museo Arqueolóxico de Sevilla representando aos emperadores hispanorromanosTrajano e Adriano.

Os mosaicos decoraban os chans das casas ou vilas de luxo, ou ben as termas e outros edificios públicos. Destacan os ***mosaicos da vila da Olmeda*** (Palencia), os ***mosaicos de Itálica*** (como o mosaico dos Paxaros, ou o do Planetario), o ***mosaico da Medusa en Tarragona***, ou o do ***Sacrificio de Ifigenia de Ampurias.*** Na Gallaecia destacan os mosaicos decorados con temas de fondo marino, como os atopados en Lugo, ou os da Cigarrosa en Ourense.

III. ACHEGAS DA PRIMEIRA ARTE CRISTIÁ.

A arte paleocristiá ou do primeiro cristianismo servirá de ponte entre a cultura clásica grecorromana e a cristiá medieval. Non hai que esquecer que o cristianismo nos seus primeiros séculos desenvólvese dentro do Imperio Romano, do que recibe influencias pero sobre todo fronte ao que pretende reaccionar. A idealización será sustituída por un novo expresionismo e esquematización máis acorde co novo público desta arte.

O século IV será un auténtico punto de inflexión para esta arte, xa que o Edicto de Milán (313) primeiro, e o manifesto de Teodosio despois, supón a superación da clandestinidade na que se mantivo o cristianismo nos seus primeiros séculos. Este cambio terá consecuencias importantes para a arte: o culto faise público e constrúense as primeiras basílicas cristiás, xurdirán novas tipoloxías vinculadas ao novo culto, como os baptisterios e os *martyria*, as pinturas deixan de estar relegadas ás catacumbas e van decorar estas primeiras igrexas xunto con ricos mosaicos, Ademais, as artes plásticas poden representar xa abertamente os temas do cristianismo, sen utilizar o repertorio de imaxes pagán**.**

A BASÍLICA

Mentres o cristianismo foi unha relixión prohibida o culto desenvolvíase de forma clandestina en casas particulares, como a *Dura Europos*. Pero a partir do Edicto de Milán os cristiáns poden practicar abertamente o seu culto. Con todo, as tipoloxías relixiosas preexistentes non se adaptan ás súas necesidades, de modo que deberán adaptar unha tipoloxía pagá, a basílica romana para o culto. Necesitaban un edificio capaz de albergar a gran número de fieis dirixidos cara a un punto, o altar maior, desde

o que o sacerdote dirixe o culto. Esta estrutura da basílica romana adáptase como igrexa cristiá coa seguinte distribución:

- Pórtico que conduce a un **adro** ou patio porticado que pode ter encostadas unha ou dúas torres campanario.
- **Nartice**, espazo transversal aos pes dá basílica destinado aos non bautizados.
- Corpo da igrexa, formado por tres ou cinco **naves** saparadas por columnas que poden soster arcos ou arquitrabes. A nave central adoita ser máis que as laterais o que lle permite abrir ventás que iluminan directamente a nave. O espazo creado é fortemente lonxitudinal, dirixindo a atención do espectador cara ao altar. A cuberta é plana ou alintelada igual que nas basílicas romanas, cun tellado a dúas vertentes construído con armazón de madeira. O teito decórase con casetóns.
- **Matronium**: desde o s.V algunhas basílicas terán un segundo piso aberto á nave central onde se situaban as mulleres. Será o antecedente do triforio medieval.
- O **transepto**, nave que se coloca perpendicular á nave central dando unha forma de cruz en planta. É a orixe da planta de cruz latina. A zona de cruzamento das naves denomínase **cruceiro**.
- **Ábsida**: detrás do transepto, de planta semicircular e cuberto con bóveda de cuarto de esfera. No centro sitúase o ara.
    - Exemplos máis importantes: ***Santa María a Maior***, ***San Pablo Extramuros*** e ***Santa Sabina***.

O Bo Pastor

Algúns edificios construíronse cunha **planta centralizada**, pequenos templos como a ***Igrexa da Natividade de Belén*** ou martyria dedicados aos mártires do cristianismo. Entre estes últimos destaca o ***mausoleo de Santa Constanza***. Utilízanse plantas centrais:circulares, poligonales ou de cruz grega que se cobren cunha cúpula. O espazo central rodéase por unha nave chamada deambulatorio que permite rodear as reliquias do martir que se conservan no centro.

A NOVA ICONOGRAFÍA CRISTIÁ

A diferencia doutras relixións monoteístas como o xudaísmo e posterioremente o Islam, o cristianismo vai utilizar desde a súa aparición as imaxes para representar a súa fe. Entre outros motivos, seguramente o peso da tradición iconográfica clásica do mundo romano no que surxe a nova relixión, así como a vontade de expandir a súa doutrina a un grande número de fieies iletrados, favoreceron o rápido surximento dun repertorio de imaxes de temática cristiá que coñecemos sobre todo gracias ás pinturas murais e os sarcófagos.

Ao igual que sucedera na arquitectura, a publicación do Edicto de Milán sinala un antes e un despois nas primeiras representacións cristiás. As primeiras pinturas murais aparecen decorando as catacumbas que servían de enterramentos clandestinos. Formadas por galerías excavadas en roca branda nas aforas das cidades, nas súas paredes ábrense nichos rectangulares (loculi), ou en forma de arco (arcosolium) destinados aos sarcófagos. Ás familias máis ricas tiñan a súa propia capela

funeraria e alí é onde se atopan os mellores repertorios de pinturas e os sarcófagos de máis calidade.

As pinturas anteriores ao edicto de Milán toman moitas veces repertorios pagáns e cristianízanos mudando o simbolismo da representación. Era un xeito de camuflaxe nun momento en que o cristianismo estaba duramente perseguido, pero tamén reflexa ata qué punto esta nova relixión nace no ámbito da cultura grecolatina. Así por exemplo segue a utilizarse un repertorio decorativo de guirnaldas e moitas imaxes pagás mudan de significado adaptándose á nova relixión: Eros e Psique son o modelo para representar a Cristo conducindo ás ánimas, o mito de Orfeo simboliza a resurrección de Cristo, o *Bo Pastor* é unha adaptación do Moscóforo grego no que se sustitúe o tenreiro por un cordeiro, simbolizando a Cristo como pastor dos seus fieis, tamén se representa a Cristo como pensador, ao modo dun filósofo.



Crismón

Créase un novo repertorio simbólico como a vide, que representa a sangue de cristo, as espigas, que representan o seu corpo, o pavo real fai alusión ao ave fénix e ao mito da inmortalidade agora identificados coa figura de Cristo. É un repertorio de imaxes que non fai alusión directa á relixión cristiana, axeitado para ese momento de clandestinidade.

Outras alusións máis directas á relixión será o chamado Crismón, formado polas letras P e X, iniciáis do nome de Cristo ás que se engaden o alfa e o omega gregos, como alusión a Xesús como principio e fin de todo. Ademáis deste símbolo, desde a aprobación do Edicto de Milán represéntanse directamente temas bíblicos como Xonás e a balea, os tres xudeus no forno, Daniel no foso dos leóns, a Virxe e os Magos, a Última Cea,...

Técnicamente, ainda que de calidade desigual, estas pinturas non se diferencian das súas contemporáneas romanas. As imaxes son expresivas, non existe terceira dimensión nin se intentan crear imaxes belas: só interesa o xesto e o seu significado, están bastante abocetadas, as pinceladas son pastosas e longas e son non existe interese pola proporción. Están pintadas ao fresco, previo estucado das paredes. Nalgúns cubicula hai tamén mosaicos. As **catacumbas** máis famosas están en Roma, destacando as de ***S. Calixto***, as dos ***SS. Pedro e Marcelino*** e as de ***Domitila***.

Sarcófago de Xunio Basso

En canto á escultura destaca sobre todo o relevo na decoración dos sarcófagos. Os máis luxosos eran de mármore. A temática na súa decoración era a mesma que para as pinturas, engadíndose algúns elementos propios como eran os estríxiles, liñas onduladas que enmarcaban o tema central do relevo. Os baixorelevos decoraban o frontal cun horror vacui que inundaba de esceas toda a superficie. En ocasións estas esceas ordenábanse utilizando elementos arquitectónicos como columnas e arcadas que individualizaban as esceas e incluso dividían o friso en dous rexistros, como sucede no ***sarcófago de Xunio Basso.***

IMAXES UNIDADE 1



Planta e alzado do *Partenón.* Ictino e Calícrates. 447 a.C.

Planta e alzado do Templo de *Atenea Niké.*Calícrates. S.V *a.C.*





Planta do Teatro de Epidauro, 350 a.C.

Cleobis e Bitón, s.VI a. C.

Koré 675. 1ª mitad s. VI



Efebo de Kritios, Primeira metade s.V a.C.



Moscóforo, s.VI a. C.

Atenea e Marsias. Mirón. Bronce. mediados s. V a.C.





Representación do Zeus Olímpico de Fidias. Segunda metade do S.V a.C.



Detalles do *Friso das Panateneas. Partenón*, Atenas, taller de Fidias. Mediados s.V a.C.





Praxíteles. *Hermes con Dionisos.*
330 a.C.



Canon de Policleto



Canon de Lisipo

Lisipo. *Heracles Farnesio*.
s. IV a.C.



Galo muribundo.
Finais do s.III a.C

Galo suicidándose xunto coa súa muller. Finais do s.III a.C



Venus de Milo
segunda metade do
s. II a.C.



Planta dos Foros Imperiais , Roma.



Templo da Fortuna Viril. Primeira metade do s. I a.C. Roma.

Templo de Vesta. Mediados s.II a.C. Roma





Dibujos esquemáticos del alzado y la planta del Panteón.

Planta e seccións do Panteón. Fin.S. II.Roma

Circo Máximo Roma. Iniciado no s.V a.C. e ampliado sucesivamente ata o sII d.C.



Planta, sección e alzado do *Teatro Marcelo*, Roma. Comezos do s.I a.C.

Teatro de Palmira, Siria. Segunda metade do s.II d.C.

Vista aérea do *Teatro de Mérida*, Badajoz, Comezado no s.I.a.C.



Planta, sección, alzados exterior e interior do *Coliseo romano*. S. I d.C.





Planta e reconstrucción debuxada das *Termas de Diocleciano*. Roma. Fin.. S.III d.C.

Basílica de Maxencio Roma. S.IV d.C.



Pont du Gard. Fins s. I. Francia.



Ponte de Alcántara. s. II. Cáceres.

Arco de Tito, Roma, s.I.

Sepulcro de Cecilia Metela, Roma. S. I.

Restos e maqueta da Villa Adriana en Tívoli. S. I.



Togado Barberini. Roma s. I a.C.



Augusto togado do Museo das Termas.Roma, s.I.

Retrato do emperador Claudio divinizado. S.I d.C.



Retrato ecuestre de Marco Aurelio. s. II.



Vista xeral e fragmento da procesión dos *quirites* (Ara Pacis). Roma, s.I a.C



Vista xeral e detalle da Columna Traxana. S.II.



Detalle dos relevos do Arco de Tito, Roma. Fin. S.I.

Acueducto de *Los Milagros*, Mérida. S. I

Teatro de Sagunto (antes da restauración)



Interior de Sta. Baia de Bóveda. Lugo. Ss. III – IV.



Anfiteatro de Itálica. Sevilla. S.II.

Arco de Medinaceli. Soria. S.I.

Mosaicos da Villa Olmeda,
Palencia. S.IV.



Planta de Santa María a Maior.
Roma, s.IV

Interior da basílica de San Pablo Extramuros. Roma, s.IV



Interior basílica de Santa Sabina,
Roma, s.IV



Interior do Mausoleo de Santa Constanza, Roma, s.IV

O Pecado orixinal. Frescos das Catacumbas dos santos Marcelino e Pedro. Roma, SIII

Catacumbas de Domitila. Roma, SIII